



Concello do Porriño

**DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA),**

Expediente: 1727/2025

Asunto: Aprobación das bases para a concesión de subvencións a comunidades de augas de consumo do Concello do Porriño para o control sanitario, mantemento de instalacións, reparacións e investimento na rede de distribución durante o ano 2025.

DECRETO:

Este concello, cumprindo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, realiza periodicamente convocatorias públicas de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ou non competitiva co obxectivo de fomentar diversas actividades que promovan as asociacións e entidades sen fin de lucro e que poidan ser consideradas de interese social para o Concello do Porriño.

Así, tras examinar o informe favorable da intervención municipal e a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente e, de acordo coas potestades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases e a convocatoria para a concesión de subvencións a comunidades de augas de consumo do Concello do Porriño para o control sanitario, mantemento de instalacións, reparacións e investimento na rede de distribución durante o ano 2025, en consoancia coa proposta formulada pola concellería de augas.

Segundo: Publicar o contido destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, no portal de transparencia e na BNDS.

Terceiro: Dar conta ao servizo de intervención.

Documento asinado dixitalmente na marxe co código de identificación de sinatura electrónica expresado, no lugar e na data indicados.

Concello do Porriño

R/Antonio Palacios, 1, 36400, O Porriño (Pontevedra). N.º R.E. 01360391. CIF P3603900F
Tfnos. 986335000/986330579. Fax: 986335850 www.oporriño.org

Cod. Validación: 592A7WYV79WRQ5FAH3CD6KTY2
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

